

Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2020 DOS PREMIOS E AXUDAS AOS PROXECTOS AGRUPADOS INDUSTRIA 4.0 EN GALICIA, COFINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

1. Antecedentes:

Por Resolución do 13 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 21, do 31 de xaneiro), publicouse o acordo do Consello de Dirección que aprobou as bases reguladoras dos premios e axudas aos Proxectos Agrupados Industria 4.0 en Galicia, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa Feder Galicia 2014-2020 e procedeuse á súa convocatoria para o exercicio 2020, por trámite anticipado de gasto, en réxime de concorrencia competitiva.

Os premios financiaranse con cargo a fondos propios da Xunta de Galicia.

As axudas ás pemes desta convocatoria fináncianse no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que ten unha taxa de cofinanciamento Feder do 80%, e compútase como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20% restante e, en particular:

Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.01: Promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoios avanzados; incluíndo os sectores agrícola pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial (....).

Actuación 3.4.1.3: apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial para promover o crecemento e a consolidación das peme.

Campo de intervención CE001: investimento produtivo xenérico en pemes.

Liña de actuación 07: apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial.

O que esixe o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2 do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

O artigo 1 das bases reguladoras establece dúas modalidades de apoios aos proxectos piloto Industria 4.0: premios aos seis proxectos sectoriais máis representativos do concepto Industria 4.0, de contía máxima de 25.000 € cada un e placa conmemorativa, que corresponderá ao organismo intermedio líder da agrupación, e subvencións individuais aos investimentos e gastos das pemes integrantes do proxecto premiado. A subvención ás pemes será do 30% dos investimentos para as pequenas empresas e do 20% para as medianas, excepto os gastos de colaboración externas que será do 50%. A subvención total concedida ao conxunto de pemes que participen no proxecto premiado (ou subvencionado sen premio) non superará 1.500.000 €.

O artigo 9 das bases dispón que a avaliación técnica das solicitudes será realizada por un xurado. O xurado nomeado para o efecto, mediante resolución do director xeral do Igape do 8/11/2020 e da directora xeral da Axencia Galega de Innovación de data 9/11/2020, adoptou a súa decisión e elaborou unha lista ordenada por puntuación, tendo en conta os seguintes criterios de avaliación e selección de proxectos establecidos no artigo 6.3:

1º Dimensión do proxecto. 20 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:

- i) Número de pemes participantes: 0,5 puntos por peme, ata un máximo de 8 puntos.
- ii) Intensidade do investimento medio das pemes participantes: 1 punto por cada 25.000 € de gasto subvencionable, ata un máximo de 12 puntos.

2º Calidade técnica do proxecto: 20 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros, en orde de maior a menor importancia:

- i) Aplicabilidade das tecnoloxías ao sector concreto.
- ii) Experiencias previas no sector (non necesariamente en Galicia).
- iii) Mellora de resultados esperada.
- iv) Accións previstas no proxecto que faciliten a efectiva aplicación da tecnoloxía na peme.
- v) Grao de elaboración e concreción da proposta, en canto á súa claridade expositiva e á asunción de compromisos concretos.

3º Diversidade das solucións para implementar nas empresas participantes: 20 puntos, que se avaliarán en función dos seguintes parámetros, en orde de maior a menor importancia:

- i) Número de ámbitos Industria 4.0 dos enumerados no artigo 1 das bases que se incorporan ás empresas.
- ii) Intensidade da incorporación en cada empresa.
- iii) Número de empresas que incorporan cada tecnoloxía.

4º Sector ou ámbito de negocio no que se desenvolva o proxecto: 15 puntos, que se outorgarán a proxectos onde participen maioritariamente empresas pertencentes a sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade de Galicia Industria 4.0 e actividades referenciadas no reto 2 (O modelo industrial da Galicia do futuro) da estratexia RIS3 de Galicia:

- i) Estratéxicos: agroalimentación, produtos do mar e acuicultura, automoción, enerxías renovables, madeira/forestal, naval/industria marítima, pedra natural, téxtil-moda.
- ii) Emerxentes e de alto potencial: aeronáutico/aeroespacial, industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, ecoindustria, TIC.

5º Participación de centros e institucións tecnolóxicas como colaboradores externos: 15 puntos, un punto por cada 1% da previsión de gasto en colaboracións externas do proxecto.

6º Efecto demostrador no sector. Interese e atractivo para a súa implementación por outras empresas: ata 10 puntos que se avaliarán en función dos seguintes parámetros, en orde de maior a menor importancia:

- i) Compromisos concretos de colaboración coa Administración na difusión do proxecto, máis aló do mínimo fixado nestas bases reguladoras.
- ii) Relevancia das empresas que forman parte da agrupación no sector concreto de aplicación.
- iii) Variedade na posición destas empresas na cadea de valor do sector.

Á vista do ditame do xurado, emitido en data 20/11/2020 a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de axudas aos proxectos agrupados Industria 4.0 en Galicia 2020, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, con 22/12/2020.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión dos premios aos seguintes proxectos agrupados Industria 4.0 en Galicia 2020, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles:

Entidade solicitante	Expediente núm.	Puntuación	Premio
Fundación Clúster de Automoción de Galicia (CEAGA)	IG223.2020.1.1	87,62	30.000 €
Asociación Clúster del Granito de Galicia	IG223.2020.1.6	73,62	30.000 €
Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA)	IG223.2020.1.2	72,05	30.000 €
Asociación Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia (CMD)	IG223.2020.1.7	58,03	30.000 €
Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia (ASIME)	IG223.2020.1.3	57,27	30.000 €

O premio incardínase no réxime de axuda de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

Os premios dividiranse en dous tramos: un fixo de 10.000 € e placa conmemorativa, que se entregará en acto público, e unha parte variable de ata 20.000 €, que se entregará unha vez executados os proxectos premiados e modularase en

función da porcentaxe de execución dos proxectos das pemes, unha vez xustificadas e aboadas as correspondentes axudas.

Segundo. Os proxectos presentados pola Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia (ASIME) con números de expediente IG223.2020.1.4 (puntuado con 50,755 puntos) e IG223.2020.1.5 (puntuado con 50,44 puntos) non obteñen premio ao considerar que o proxecto non ten o carácter sectorial exixido pola norma, polo que o sexto premio que podería terse outorgado declárase deserto.

Non obstante, e tal e como se dispón no artigo 11.2 das bases reguladoras, no caso de que coa concesión dos seis premios non se esgotara o crédito dispoñible, poderán concederse axudas ás pemes participantes nos seguintes proxectos con maior puntuación entre os non premiados, sempre que superaran a puntuación mínima

Terceiro. Aprobar a concesión das subvencións individuais aos investimentos e gastos das pemes participantes nos proxectos premiados e non premiados, sempre que superaran a puntuación mínima:

- a) Proxecto premiado con nº de expediente IG223.2020.1.1 presentado por Fundación Clúster de Automoción de Galicia (CEAGA)

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.1.1	INMAKE STUDIO, S.L.	25.513,38	30,00%	7.654,01
IG223.2020.1.1.2	ERRECÉ - Aplicaciones Industriales del Láser, S.L.	100.350,00	30,00%	30.105,00
IG223.2020.1.1.3	INPLASOR GALICIA, S.L.	279.882,00	30,00%	83.964,60
IG223.2020.1.1.4	GALLEGA MECANICA, S.L.U.	58.934,00	27,37%	16.132,00
IG223.2020.1.1.5	OTEBRA, S.L.	201.041,00	30,00%	60.312,30
IG223.2020.1.1.6	ESYPRO MANUTENCION, SLU	111.840,00	47,91%	53.580,00
IG223.2020.1.1.7	MECANIZADOS RODRIGUEZ FERNANDEZ, S.L.	765.850,00	20,00%	153.170,00
IG223.2020.1.1.8	VIGOTEC, S.L.	85.999,00	33,48%	28.789,70
IG223.2020.1.1.9	RDC WORKS DESIGN TO PRINT, S.L.	16.178,53	30,00%	4.853,56
IG223.2020.1.1.10	Ingeniería y Fabricación del Norte, S.L.	32.500,00	30,00%	9.750,00
IG223.2020.1.1.11	LITTLE ELECTRIC CAR ESPAÑA, SL	351.250,00	34,81%	122.255,00
IG223.2020.1.1.12	TECDISMA, S.L.	93.900,00	22,81%	21.420,00
IG223.2020.1.1.13	GOYCAR GALICIA, S.L	275.100,00	26,83%	73.800,00
IG223.2020.1.1.14	INDUSTRIAS PROA, S.A.	526.270,61	20,00%	105.254,12
IG223.2020.1.1.15	Lupeon, S.L.	168.570,80	31,75%	53.521,24

- b) Proxecto premiado con nº de expediente IG223.2020.1.6 presentado por Asociación Clúster del Granito de Galicia

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.6.1	EUROCKP, S.A.	88.000,00	42,16%	37.100,00
IG223.2020.1.6.2	GI GRANITOS IBERICOS, SA	40.700,00	41,15%	16.750,00
IG223.2020.1.6.3	PCM GRANITOS MOLDURADOS, S.L.	69.465,00	39,23%	27.252,50
IG223.2020.1.6.4	EURO ROCA, S.L.	217.750,00	27,63%	60.155,00
IG223.2020.1.6.5	LEMMAR GRANITE, S.L.	688.800,00	35,13%	242.000,00

- c) Proxecto premiado con nº de expediente IG223.2020.1.2 presentado por Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA)

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.2.1	Cofrico, S.L.	248.179,74	44,33%	110.025,95



Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.2.2	PAZO VALDOMIÑO, S.A.	81.445,00	41,07%	33.447,50
IG223.2020.1.2.4	VIÑA COSTEIRA S.C.G.	25.500,00	31,18%	7.950,00
IG223.2020.1.2.5	KIWI ATLÁNTICO, S.A.	40.663,00	42,06%	17.102,60
IG223.2020.1.2.6	GALLEGA DE CORRECTORES NAYA, S.L	63.700,00	41,43%	26.390,00
IG223.2020.1.2.7	ECOPLAS BARBANZA, S,L,	141.770,00	34,02%	48.231,00
IG223.2020.1.2.8	LUGAR DA VEIGA, SLL	29.025,00	42,74%	12.405,00

d) Proxecto premiado con nº de expediente IG223.2020.1.7 presentado por Asociación Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia (CMD)

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.7.1	BOPAPEL, S.L.	975.000,00	30,00%	292.500,00
IG223.2020.1.7.2	GREENALIA S.A.	45.700,00	45,32%	20.710,00
IG223.2020.1.7.3	GREENALIA WOODCHIPS, S.L.	22.725,00	30,00%	6.817,50
IG223.2020.1.7.4	GREENALIA BIOMASS SUPPLY, S.L.	142.879,00	48,82%	69.753,80
IG223.2020.1.7.5	MAS COCINA RETAIL PROJECTS, S.L.	80.301,00	42,47%	34.103,30

e) Proxecto premiado con nº de expediente IG223.2020.1.3 presentado por Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia (ASIME)

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.3.1	INDUSTRIAS TECNICAS DE GALICIA, S.A.	120.742,00	41,50%	50.110,20
IG223.2020.1.3.2	Neweldtec, S.L	64.500,00	36,39%	23.470,00
IG223.2020.1.3.3	THUNE EUREKA, S.A.	84.918,83	20,00%	16.983,77
IG223.2020.1.3.4	COTERENA, S.L.U.	588.493,83	46,45%	273.336,92
IG223.2020.1.3.5	TALLERES CAMPIÑOS ,S.L	38.932,89	42,00%	16.352,19

f) Proxecto non premiado con nº de expediente IG223.2020.1.4 presentado por Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia (ASIME)

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.4.1	JJ CHICOLINO, S.L.U.	200.388,00	33,83%	67.794,00
IG223.2020.1.4.2	SETGA, S.L.U	249.200,00	34,41%	85.760,00
IG223.2020.1.4.3	NORLEAN MANUFACTURING & PRODUCTIVIDAD, S.L.	176.105,00	50,00%	88.052,50
IG223.2020.1.4.4	ARNOIA DISTRIBUCIÓN DE LIBROS, S.A.	3.163.000,00	23,73%	750.500,00
IG223.2020.1.4.5	ITERA TÉCNICA, S.L.	117.500,00	45,83%	53.850,00

g) Proxecto non premiado con nº de expediente IG223.2020.1.5 presentado por Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia (ASIME)

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.5.1	ARNOIA DISTRIBUCIÓN DE LIBROS, S.A.	1.846.037,42	25,31%	467.287,89
IG223.2020.1.5.2	ARLIT DISEÑO E IMPRESION, S.L.	192.803,53	32,69%	63.021,77

Expediente núm.	Titular	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG223.2020.1.5.3	BMC CONSTRUCTION ESTUDIO & CONTRACT, S.L.U.	127.363,67	32,16%	40.954,44
IG223.2020.1.5.4	DENSOPLAST, S.L.	275.627,15	33,29%	91.768,99
IG223.2020.1.5.5	Heva Deter Hispanica, s.l.	45.315,72	38,59%	17.485,86
IG223.2020.1.5.6	SKETCH SYSTEM, S.L (DIGIPRESS)	20.052,62	30,00%	6.015,79

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Cuarto. Denegar a seguinte solicitude de subvención individual á peme participante no proxecto premiado presentado por Asociación Clúster Alimentario de Galicia pola causa indicada a continuación:

Expediente núm.	Titular	Motivo de denegación
IG223.2020.1.2.3	RENOVABLE INDUSTRIAL DE COMPONENTES, S.L.	Incumprimento das condicións establecidas no artigo 10.2.e, da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Quinto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Sexto. Publicar a resolución conxunta no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es (apartado "Consulta de resolucións definitivas" <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 11.4 das bases reguladoras, sen prexuízo de que a concesión se anuncie no acto público de entrega do premio ao organismo intermedio líder da agrupación.

As notificacións das resolucións individuais practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os solicitantes deberán acceder á páxina web do Igape no enlace tramitación electrónica para recibir as notificacións.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
[%cargo4%]	[%nombre4%]	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina